

RIQUEZA XEOLÓXICA E PAISAXÍSTICA DE GALICIA. ESCOLMA 2019. PREGUNTAS:

<https://youtu.be/GsVvs7f2JXU>

1. 0,16:
 - a. Distingues diferentes capas de rochas?
 - b. De que tipo de rocha serán : magmáticas, sedimentarias, metamórficas?
 - c. Cal é a disposición destas capas: horizontais, verticais, inclinadas?
2. 0,31:
 - a. Debuxa o pregamento que se ve nesta imaxe.
 - b. Por onde pasaría o plano axial? Debuxa a dobra e por onde iría o seu plano axial
 - c. Segundo a posición deste plano axial este pregamento é de tipo.....
3. 0,38.
 - a. Que axente xeolóxico actúa nesta zona?
 - b. Que forma ten o val que modela este axente xeolóxico?
 - c. Que tramo estase a ver nas imaxes: tramo alto, medio ou baixo?
4. 0,41:
 - a. Como se chaman as curvas dos ríos?
 - b. Nestas zonas o río ten unha zona de erosión e outra zona de sedimentación. Debuxa unha destas estruturas e indica a zona de erosión e a zona de sedimentación
5. 1,17:
 - a. Como é que o río forma unha ferverza e non discorre de forma tranquila?
 - b. Cal é a zona principal de erosión nas ferverzas? Debúxao
6. 1,26:
 - a. Cal é o axente xeolóxico que actúa nesta imaxe?
 - b. Aquí que predomina: a erosión, o transporte de materiais ou a súa sedimentación?
 - c. As areas da praia son o resultado dun transporte curto ou longo?
7. 1,33:
 - a. Como se forma esta estrutura xeolóxica?
8. 1,36:
 - a. Que provoca a erosión nos acantilados?
 - b. Por que retroceden os acantilados en moitos sitios?
9. 1,46:
 - a. Por que se deposita a area nas praias?
10. 1,59:
 - a. Que é a estrutura da imaxe?
 - b. De que material está feito?
11. 2,02:
 - a. De que material é a zona de unión desta illa coa costa? Como se chama esta estrutura?
12. 2,09:
 - a. A auga desta lagoa é doce ou salgada?
13. 2,27:
 - a. A duna que se ve ao fondo será toda de area?
14. 2,34:
 - a. Que tamaño ten o material desta praia?
 - b. Este material sufriu un transporte curto ou longo?
15. 2,45:
 - a. De que tipo de rocha son estes penedos: magmática, sedimentaria ou metamórfica?
 - b. Cando se forman as fendas nestas rochas?